



CONCELLO DE
OLEIROS

RESOLUCIÓN

Por resolución nº 2024001913, do 15 de abril de 2024, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo do persoal para o servizo de socorrismo e salvamento nas praias do concello de Oleiros na que, entre outras categorías, figuraban as dun/ha supervisor/a e un/ha xefe/a de equipo, que se seleccionarán no mesmo procedemento.

Despois de rematar o prazo para os efectos de reclamacións e correccións de defectos nas solicitudes.

No exercicio das facultades que se confiren ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que, por delegación, en virtude do DA nº 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de alcaldía;

RESOLVO:

1.- Aprobar as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo dun/ha supervisor/a e un/ha xefe/a de equipo, que quedan como segue:

APELIDOS E NOME	DNI
1.DORADO GARCIA, LAURA	***3720**
2.IGLESIAS LOPEZ, GUILLERMO	***0008**

2.- O tribunal cualificador do procedemento selectivo estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENCIA:

Titular: M^a Soledad de Arriba Docal

Suplente: M^a Pilar Cela Álvarez

SECRETARÍA:

Titular: Alberto Armada Rodal

Suplente: Ricardo Pueyo Santillana

VOGAIS:

Titular: Juan Manuel Suárez Vilas

Suplente: Manuel Ramón Lema Pombo

Titular: Ana I. Prieto Fontela

Suplente: Mar Ponte Maestre

Titular: Miguel A. Viqueira Pérez

Suplente: Bárbara Caramés Abeijón

3.- De acordo coas bases da convocatoria, establecer o seguinte calendario das probas:





CONCELLO DE
OLEIROS

Fase de concurso:

Avaliación de méritos: O día 2 de maio de 2024 ás 09.30 h o tribunal a porta pechada.

Fase de oposición:

Proba de coñecementos: O día 3 de maio de 2024.

Proba de RCP: O día 7 de maio de 2024.

Proba final: O día 8 de maio de 2024.

Tendo en conta a documentación achegada polas persoas aspirantes no prazo de presentación de solicitudes, non será necesario realizar a proba de coñecemento da lingua galega.

Todas as probas da fase de oposición desenvolveranse no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo" (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros). O chamamento para cada unha destas probas comezará ás 09.00 h comezando por aquelas persoas aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "H".

De acordo co establecido nas bases será necesario superar cada unha das probas para participar na seguinte.

Os resultados publicaranse na páxina web do Concello (www.oleiros.es) antes das 18.00 h do día anterior ao da realización da seguinte proba. Se por causas de forza maior apreciadas polo tribunal, houberse que modificar o lugar, a hora ou a data de celebración dalgún exercicio, publicarase do mesmo xeito.

Os/as aspirantes deberán vir provistos/as do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e dun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra no caso da proba de coñecementos.

4.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e notificarlla aos membros do tribunal. Deixar constancia de que os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola concelleira delegada de Persoal, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

